



CONTOS QUE
CONTAXIAN ILUSION

bibotecainfantil.fundaciononce.es



1

Amador ACTOR



2

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.



3

SOBRE A PARÁLISE CEREBRAL

A parálise cerebral é coma unha ferida no **CEREBRO** que afecta a moitos bebés de todo o mundo.

Aínda que non doe, fai que **moverse** ou **manterse en pé** se converta nunha tarefa complicada. Hai quen usa muletas; outros, cadeiras de rodas. A eles, que son coma ti, cústalles controlar os seus músculos, polo que ás veces tamén poden

FALAR CON DIFICULTADE.

De maneira distinta a ti, son capaces de aprender unha chea de cousas que lles fan moi felices. Se coñeces a alguén con parálise cerebral non dubides - facerte o seu **AMIGO**.

Descubrirás un compañeiro que saberá quererte coma ninguén.

4

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

Esta mañá erguinme cunha dor de
cabeza tan grande coma o balón
do

MEU CURMAN Nacho.


NON UN BAL N NORMAL.

Non sei canto mide
exactamente, pero de verdade
que é enorme.

Ou iso creo eu...
O certo é que a mi

TODO ME PARECE
XIGANTESCO.

5



Cando nacín dixéronlles aos meus pais
que me *custaría*

andar e falar, así que teño que pasar

**MOITO TEMPO
SENTADO.**

Pero non me importa,
porque a esta altura
todo é

máis grande e máis bonito.

6

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

Preguntarédesvos cal é a razón de que me doa a cabeza. É que onte estiven ata moi tarde repasando o papel. AH! Perdoade, aínda non vos dixen que me estou a preparar para ser **ACTOR** e que hoxe é a estrea da

MIÑA PRIMEIRA FUNCIÓN.



Miña nai dime que busque outro traballo máis estable (creo que lle gustaría que me dedicase a outra cousa), pero non creo que poida, eu levo o escenario no sangue e non vou parar ata

PERCORRER TODOS OS TEATROS DO MUNDO!




7



Na función do colexio, a que estreamos hoxe, déronme o papel protagonista.

Vou ser o **Principiño!** Coñeces esa historia que escribiu *Antoine de Saint-Exupéry* É xenial. Eu estou totalmente identificado coa personaxe. Si, definitivamente creo que me asemello a el, e iso facilítame a **interpretación**, claro.

Xa o temos todo preparado, a perruca, as roupas, o texto, pero os **NERVIOS** estanme a traizoar.




8

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

Trátase da miña primeira actuación e estou **TEMEROSO, intranquilo**, e ao mesmo tempo feliz e contento, así que debe ser normal que me doa a cabeza. Papá non deixa de dicirme.

Supoño que o Principiño tamén debía ter dores de cabeza. Cos **BAOBABS** crescendo no seu planeta, a limpeza dos volcáns, as necesidades da súa delicada rosa... Por iso debeu marchar a **PERCORRER O UNIVERSO...**



9

Eu, ao igual que o Principiño, teño unhas ganas enormes de **viaxar e coñecer outros lugares.**

Aínda que todo o que quero o teño aquí, coa miña **NAI** e co **meu pai** e por suposto co **meu curmán** Nacho, que ademais dun balón grande, ten un corpo moi considerable.



10

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

Nacho está sempre comigo.
Cando ri, parece que
TRONA, aínda que mol -

Acordamos que me acompañe cando estea de GIRA.
Se case sempre sabe o que estou pensando
sen dicir unha soa palabra!



11

Ao igual que o raposo de O Princiño,
el mírame **COS OLLOS DO CORAZÓN**,
que é o único co que se
poden ver as cousas verdadeiras.

Por iso cando **preciso**
ánimos, Nacho sábeo
e murmurando dime
a modinho ao oído:

Amador, es o
mellor actor.



12

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.

E nese **MOMENTO**, parece que poido
oír o público sentado nos seus asentos,
bisbando e carraspeando.



ESTÁN AGARDANDO A QUE COMECE A FUNCIÓN.

Cando as luces se apaguen
e o pano se abra,
todo comezará ante min.

13



14

Imprime nunha folla de papel tamaño DinA4 ou DinA3.

Colorea ao teu gusto e recorta pola liña continua. Dobra pola liña discontinua.